

DÍA DAS
LETRAS 2015

Xosé Filgueira Valverde

“O VELLO PROFESOR”



*Porque non seca a morte a fonte das cantigas
eu vos chamo, segreles, que veñades cantar.*

**XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA
VALVERDE (Pontevedra 1906-1996).**

1990); **na recreación**, con Díaz Pardo, do Seminario de Estudos Galegos (1978).

NOS MAIOS

Este mes de maio é o mes das flores en que os paxariños nos mostran os seus amores.

SABÍAS QUE?

Leva os nomes de José, Fernando, Enrique e Ramón María del Pilar. **“Meus pais foron os meus mellores mestres”**: José María Filgueira Martínez, pontevedrés, médico de prestixio, e María Araceli Valverde Yaquero, granadina, outrora monxa da Orde das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl.

Sendo **estudante** en Pontevedra, desde os 13 anos, **asiste ás xuntanzas** de Losada Diéguez, Castelao e Cotarelo, en Compostela, **apaixonándose polo traballo de campo en equipo e interdisciplinar**. De contado comeza a investigar e publicar e, antes dos 19, anos xa é correspondente da RA G.



Acada a **Licenciatura en Historia** en 1927 (Zaragoza) e en 1928 (Santiago) a **Licenciatura en Dereito** con Premio Extraordinario; en 1935 (Madrid); o **doutoramento en Lingua e Literatura Galego-Portuguesa** coa tese *La Cantiga CIII: noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*. Tamén en 1935, aproba a **Cátedra de Instituto de Lingua e Literatura Española**. Catedrático en Lugo primeiro e dende 1939 en Pontevedra (director entre 1946-1976).



Participa na creación, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos; en 1927, do Museo de Pontevedra (director entre 1940-1986); en 1944, do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (presidente en 1972); en 1948, da pioneira Editorial Bibliófilos Gallegos; do Consello da Cultura Galega (presidente dende

Colabora (1936-1957) na elaboración d’*O Gaiteiro de Lugo*, folleto que fai monolingüe galego. **Ordena e edita** o *Cancioneiro Musical de Galicia* de Casto Sampedro (1942) e o *Inventario de la riqueza monumental y Artística de Galicia*; **intervén na edición** do *Cancioneiro* de Bal y Gay; e **impulsa** a primeira tradución da *Biblia* ao galego.

Investigador, membro dunha ducia de Academias galegas, españolas e estranxeiras. O inxente labor como articulista, 616 artigos só no *Adral* (1942), nove tomos, e 3.034 páxinas, e máis de trescentos títulos de libros e monografías, entre os que el destacaba a **Literatura medieval**, incluído entre os grandes polígrafos deste país.

<http://filgueiravalverde.gal/>

Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán,
so ramos d’estrelas,
nas portas do vran.

Bailemos, doncelas,
na crara mañán.
nas portas do vran,
cantar de quincelas.

Bailemos, ai ledas,
raiar de San Johán.
cantar de quincelas,
fogueiras no chan.



CREACIÓN LITERARIA

Os nenos, 1925, a súa primeira obra de creación literaria é tamén a **primeira** publicación auspiciada polo Seminario de Estudos Galegos. Ve a luz neste ano así mesmo o seu primeiro estudo sobre lírica medieval, *Cantigas de El Rei Sabio localizadas na Galicia. San Ero de Armenteira*.

O vigairo, 1929, a súa segunda e moi recoñecida obra de creación literaria. No Tomo I de *Arquivos*, a Revista do Seminario de Estudos Galegos, aparece o seu artigo pioneiro “A festa dos maios. Papeletas de folklore galego”.

En 1932 Publica, dentro da colección "Guías de España", a correspondente a Santiago de Compostela, outra das súas obras de referencia.

En 1936 publica a obra teatral para nenos *Agromar* baixo o pseudónimo de J. Acuña. Outro pseudónimo que empregou foi: Martín Valerio.

En 1941 *6 canciones de mar “in modo antico”*, obra coa que, facendo explícitos os seus profundos coñecementos de lírica medieval, se suma ao movemento neotrobadoresco.

En 1946 publica outro dos seus libros máis coñecidos, *Archivo de Mareantes*, que lles rende tributo ás xentes do mar.

En 1969 *Cancioneiriño novo de Compostela* e en 1971, e con ilustracións de Castelao, sae *Quintana Viva*. Será a súa última incursión no campo da creación literaria.



SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS



Membros do Seminario de Estudos Galegos en 1928.

De esquerda a dereita na fileira de atrás: Ramón Otero Pedrayo, Antón Losada Diéguez, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Carballo Calero, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián García Paz, Pintos, Antón Fraguas, Bibiano Osorio Tafall.

Sentados: Isidro Parga Pondal, Abelardo Moralejo Laso, Calvo, Salvador Cabeza de León, Joaquín Arias Sanjurjo, Xerardo Álvarez Limeses e Novás.

FILGUEIRA VALVERDE POLÍGRAFO

Nunha cultura como a nosa, onde case todo estaba por facer, a figura deses persoas *tototerreo* ou *valetodo* cultural, veuse converter nun valor útil e necesario. De modo que Filgueira Valverde, home de tamaña formación como a súa no campo das humanidades e das letras, habería de despuntar aquí con autoridade. Trátase de de polígrafo, tanta ou máis acusada formación se cabe que a doutros homes do seu tempo. Falamos dos homes que fixaron como meta común a (re)construción ou (re)constitución da identidade social e cultural galega, coa idea de fixala e prestixiala.

Non lle coubo por xeración poder pertencer nin ás Irmandades da Fala nin á Xeración Nós. Mais bebe das súas fontes sen dúbida. Os seus nove tomos de *Adral*, o primeiro de 1979, o último de 1996, dan fe deste inxente labor. Fica neles patente a erudición e sabedoría, do punto de vista divulgativo, sobre diversos temas de Galiza, quer de literatura, de toponimia, de arte, de onomástica, de arquitectura, quer de moitos outros. Aos 16 anos xa publicaba artigos de prensa, quen tivera por mestres a Lousada Diéguez, Ramón Sobrino Buhígas e ao mesmísimo Castelao, e o maxisterio de Castro Sampedro fóra das aulas. Non é de estrañar, pois, a importante investigación que levaría a cabo con relación á número CIII das *Cantigas de Santa María* de Afonso X.

Aos 18 anos foi membro correspondente da RAG e dous anos antes xa pertencía ao Seminario de Estudos Galegos. Foi director do Museo de Pontevedra desde 1940 e membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Gallegos un ano despois. De 1982 a 1983 foi conselleiro de Cultura da Xunta de Galiza e presidiu o Consello da Cultura Galega desde 1990 até o seu falecemento, en 1996. Contou en vida con múltiples recoñecementos, premios e condecoracións. Non somos alleos, porén, á controversia que gravita de arredor da súa figura, cargada de



connotacións, como puidera ter acontecido tamén no seu día con outros homenaxeados como Risco, Pedraio, Cabanillas, Cunqueiro, etc. Membro como foi do PG, bótase fóra así que entende que se exacerba o seu laicismo, e pola aproximación cada vez maior do partido aos postulados marxistas. Home de profundas conviccións relixiosas, como acontecera tamén a Risco, asina un manifesto da Dereita Galeguista en maio de 1935.

Non ter sido purgado polo réxime franquista e, alén diso, mesmo ter participado dentro del —presidente da Comisión depuradora da provincia de Pontevedra para o persoal de Maxisterio, alcalde da cidade entre 1959 e 1968, procurador en Cortes polo <<terzo familiar>>, etc.— ten pesado como unha lousa no seu currículo. Mais, quen non está cargado de luces e sombras nunha situación de excepción que perdurou case corenta anos. Como procurador en Cortes, en 1969 logra, xunto a Antonio Rosón, o recoñecemento da lingua galega en certos sectores do ensino, o que será recollido na <<Ley General de Educación>>. Aliás, preside o tribunal que xulgaba ao que habería de ser o primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Compostela, Carvalho Calero, en 1972.


Da súa habelencia como creador literario, temos os relatos *Os nenos* (1925), novamente editados con posterioridade, agora so o título de *Quintana viva* (1971), xuntamente con outras narracións cos epígrafes de 'Artistas aldeáns', 'Obradoiro' e 'Nomeandeiros', ben curioso este último acerca da importancia de seren nomeadas as cousas e o que elas suscitan, así como cos alcumes. A pegada de Castelao é facilmente visíbel na técnica da escrita, canto á sinxeleza, o amor polas personaxes populares, o coidado no uso e selección do léxico, alén de na intensa plasticidade, feita con palabras. Ten escrito teatro: *Agromar* e *Aucto de Santa María*. E é de notar a *Antoloxía consultada da poesía galega*, en coautoría con Fernández del Riego. En definitiva, unha vida extensa e intensa de humanista, dedicada ás letras e á promoción cultural de Galiza nos seus máis variados ámbitos.

HENRIQUE DACOSTA






O NOME DELA

Fora o meu amor de neno. Un amoriño devanceiro, imposible, alonxado un día na borralla dos anos. Fora o nidio querer que agroma deantes que a ventanía da vida traía deica nós tanta feitura, tanto engado, tanto degoiro... para que os chamemos con nome de amores. Foise. E eu funlle fiel. A miña testemuña sería ben estraña: -Non hei chamar co nome dela a ningunha rapaza que o leve. E dende entón, ás que o levaban: Escoita!, Ti!, Oe!, Nena! Cantos xeitos de alcumalas, para non dicilo. Coidaredes que o rompín por un novo namoro, un namoro na súa sazón. Nin por penso. Foi tamén de neno. Cunha amiguiña. Aquela cativa que tiña unha bicicleta. Fun pedirlle que ma emprestase. E chameina por aquel nome, que era tamén o nome dela. E digo unha «amiguiña» e non escribo aquí como se chamou aquel meu primeiro amor, por gardar sequera neste intre o voto que, por tan pouca cousa, quebrei entón.



Capa da obra «Os nenos», de Filgueira Valverde, editada no ano 1923.



Edicións do Castro / ensaio

